

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. Don. Antonio José Valín Valdés, que actúa en representación da Diocese de Tui - Vigo, en virtude da súa cargo de Bispo, en exercicio das facultades que lle confire o canon 393, do Título I, sección II, Parte II do Libro II do Código de dereito canónico.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar,



restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Tui-Vigo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmobile, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Diocese de Tui-Vigo para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmoables sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se



pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Tui-Vigo

Pola súa banda, a Diocese de Tui-Vigo comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.



Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O bispo da Diocese de Tui-Vigo

José López Campos

Antonio José Valín Valdés



ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE TUI-VIGO, ANO 2026

BEN: Igrexa de Santa María de Arbo
SITUACIÓN: Arbo, Pontevedra
PROTECCIÓN: A igrexa de Santa María de Arbo, localizada no concello do mesmo nome en Pontevedra, está protexida polo seu valor cultural ao estar incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16-05-2016) por estar incluída no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arbo (aprobado en 1998)

ACTUACIÓN: Restauración do retablo Maior da igrexa de Sta María de Arbo (Pontevedra) (SAR-2025-0146.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:
A igrexa de Santa María de Arbo forma o corazón da parroquia principal do concello. Está situada nunha ladeira, nunha contorna rural e a certa distancia do centro da vila. O edificio constrúese seguindo os contornos do terreo, con escaleiras que dan acceso ao adro e aos terreos da igrexa, que están pechados por un amplo muro de pedra. Ao seu redor concéntranse varios lugares de interese artístico e cultural. Un primitivo Viacrucis que remata nun Calvario, o Palco de San Bieito, o cemiterio cunha cruz de pedra no centro e a Capela de San Sebastián do século XVIII. A igrexa foi construída con bloques de granito e ten un tellado de lousa. O seu plano ten forma de cruz latina, posiblemente un vestixio dunha igrexa románica anterior, que se menciona en documentos datados en 1021, cando a igrexa foi doada por Afonso VII ao mosteiro de Melón. Na fachada hai unha inscrición que indica a data de construción: 1780. O retablo maior obxecto deste proxecto sitúase na cabeceira do templo, adaptándose perfectamente ás medidas do testeiro. Está realizado en madeira de castaño, dourado e policromado de estilo neoclásico, caracterizado pola limpeza de liñas e a recuperación de formas propias da arte greco- romana, como o frontón curvo e columnas de fuste liso, rematadas por capiteis de orde corintia. En canto á decoración pictórica apréciase unha gran viveza e colorido, con zonas lisas e outras con marmoleados diferentes. O retablo descansa sobre un sotabanco de pedra e está dividido nunha predela, dúas seccións e tres vanos. Na fornela colocouse recentemente un sagrario metálico. Por riba, sobre un pedestal, atópase unha fermosa talla de madeira da patroa: Santa María de Arbo. As fornelas laterais conteñen imaxes do Sagrado Corazón de María e do Sagrado Corazón de Xesús. Na parte superior, no centro, hai unha imaxe da Inmaculada Concepción flanqueada por dous anxos, e en cada un dos lados hai tallas de San Antonio de Padua e de San Antonio Abade

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
Este retablo rematouse de construír en 1864. O estado de conservación é en xeral malo, debido, principalmente á humidade por capilaridade que ocasionou un ataque de termita localizado na parte inferior do retablo. Unha intervención inadecuada desvirtuou por completo a estética da obra cun repinte xeneralizado de toda a superficie e un redourado con ouro falso dos elementos da talla (actualmente oxidado)





ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Traballos de recuperación das pinturas comezando por unha limpeza superficial para eliminar o po e restos depositados, eliminación das repinturas e os redourados para recuperar os dourados e policromías orixinais e fixación da película pictórica. Hai que considerar a posibilidade de que ao eliminar o repinte e o redourado aparezan problemas subxacentes, ocultos debaixo da película pictórica actual, como danos por insectos xilófagos, desaxustes, pastas, perdas de policromía ou outros

Seguidamente realizarase, por medio de persoal cualificado, un tratamento de desinsectización para atallar o ataque de insectos xilófagos e prever ataques futuros, e selado do retablo con plásticos manténdoo tapado o tempo necesario.

Despois pasarase á fase de tratamento do soporte para consolidar a estrutura, consolidando as zonas afectadas polo ataque de insectos xilófagos, arranxando fendas e fisuras, revisando as suxeicións e eliminando os cravos oxidados.

A continuación reconstruiranse os volumes, farase un estucado e nivelado de faltas e recuperaranse as policromías e dourados con acuarelas e micas

E como acabado final, será necesario aplicar unha protección contra os axentes atmosféricos en varias capas reducindo o brillo e proporcionándolle protección adicional fronte aos raios ultravioleta

En canto ás imaxes, manteranse os mesmos criterios e tentarase recuperar os dourados e policromías, para devolverlles a concepción orixinal do artista que creou cada unha delas. O obxectivo principal é preservar a integridade artística e histórica destas obras, garantindo que poidan ser apreciadas polas xeracións presentes e futuras.





BEN: Catedral de Tui
SITUACIÓN: Plaza de San Fernando, Tui
PROTECCIÓN: A catedral de Nosa Señora da Asunción de Tui, está protexida polo seu valor cultural ao ter a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) segundo o que establece o Decreto do 3.06.1931 (GAC do 4.06.1931), o que se determina na disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985).

ACTUACIÓN: Primeira fase do retablo de San Pedro da catedral de Tui (SAR-2026-0032.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 3 meses

DESCRICIÓN:
A catedral de Nosa Señora da Asunción de Tui é un dos monumentos máis importantes da vila de Tui. Trátase dunha catedral-fortaleza que combina o estilo románico co nacente gótico. Ten planta de cruz latina de tres naves á que se lle sumaron diversos engadidos góticos, como o claustro e as capelas. Así mesmo, durante época moderna construíronse a sancristía, a sala capitular, o ciborio, o último corpo da torre das campás e remodelouse o atrio occidental. O retablo de San Pedro fai parella co de Santiago, conformando a cabeceira da catedral. A dificultade do espazo no que se sitúa obriga a adecuar as proporcións habituais das distintas partes do retablo. Obsérvase un primeiro corpo curto e horizontal cun ático moi desenvolto verticalmente, onde se mantén o van circular co obxecto de que entre luz no templo. A obra foi realizada polo escultor tudense José Domínguez Bugarín en 1696. O retablo foi realizado en madeira de castiñeiro, dourado e policromado na súa totalidade. Consta de sotobanco, predela, dous corpos e tres vanos. Destaca o alto relevo que se sitúa no centro do primeiro corpo e no que se representa ao Apóstolo Santiago como cabaleiro en combate contra os mouros na batalla de Clavijo. Nas fornelas laterais atopamos as imaxes de San xoan Bautista, á esquerda e a San Francisco Xavier á dereita. Péchase cunha vidreira circular, sinxela, cunha estrela de oito puntas no centro enmarcada con raios ou potencias de madeira polo exterior. O retablo sufriu polo menos, unha intervención anterior, durante a cal foi repintada por completo, mantendo os dourados orixinais sen tocar. Nun lateral da mesa do altar hai unha inscrición onde podemos ler: "Teixeira Fanzeres. Braga 21-1-1911." As policromías actuais posúen suaves: beige, rosa e azul claro. Os dourados aparecen cubrindo elementos de talla e molduras, cun ouro fino á auga. Tras a realización de catas púidose corroborar que existe unha única capa de cor subxacente, que se correspondería co policromado orixinal. Trátase de policromías realizadas ao óleo de cores vivas, vermellos, azuis, acorde aos gustos da época, da escola compostelá.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
As condicións ambientais na catedral favorecen a degradación dos materiais constitutivos das obras de arte alí conservadas, sendo os retablos receptivos a condicións de humidade elevada, escasa iluminación, deficiente ventilación e presenza de contaminantes. Estes factores propician a deterioración dos materiais da obra e o ataque biolóxico de insectos xilófagos como o caruncho (<i>Anobium Punctatum</i>) e a termita (<i>Reticulitermes Lucifugus</i>),





presentes en varias zonas do retablo. Os danos concéntranse especialmente no lado esquerdo, onde se observan grandes galerías expostas e significativas perdas de masa lignaria, con afundimentos estruturais. Evidéncianse tamén desaxustes estruturais mediante fendas e separacións entre pezas orixinadas polos movementos naturais da madeira ante variacións de humidade e temperatura. Con todo, outras fisuras suxiren movementos estruturais. A pesar diso, a estrutura móstrase en xeral estable, o que indica que as ancoraxes aínda cumpren a súa función.

Por outro lado, a humidade e o contacto directo coa auga afectaron aos elementos metálicos.

Numerosos cravos e puntas visibles na superficie presentan corrosión, o que provocou desprendementos nas capas de preparación, policromía e dourado adxacentes. Tamén son evidentes levantamentos e perdas de película pictórica tanto nas policromías como nos dourados. Faltan algunhas pezas desprendidas.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A intervención proposta para unha primeira fase de restauración do retablo (incluíndo as súas imaxes escultóricas) ten como obxecto recuperar a súa estabilidade estrutural e consiste nas seguintes actuacións:

- Limpeza superficial.
- Desmontes puntuais, que permitan acceder á parte posterior danada polo ataque de insectos xilófagos.
- Tratamento de desinsectación preventivo.
- Reforzos e axustes da estrutura. Reposición de masa lígnea (madeira de castiñeiro e resinas sintéticas).
- Revisión de ancoraxes e colocación de novos en pletina de aceiro inoxidable.
- Reparación de fendas.
- Reconstrución de volumes.

ACTUACIÓN: Primeira fase de restauración da vidreira da capela da epístola de San Pedro na catedral de Tui (SAR 2026-0033.INT)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 3 meses

DESCRICIÓN:

A vidreira da capela da epístola de san Pedro constitúe un elemento arquitectónico singular da capela.

Trátase dun óculo elevado que se abre no seu muro oriental, dirixido cara á Praza da Misericordia. Este vano circular e abucinado, situado no ático do retablo, concibiuse orixinalmente para a iluminación diúrna da capela de Santiago e da entrada á sacristía. A vidreira enchumbada separa o espazo interior do exterior. Ten unha estrutura de tres circunferencias concéntricas, divididas por unha serie de radios que van dende o seu centro ata a circunferencia exterior, e peche perimetral da vidreira, facilitando o seu encontro coa fábrica, e acollendo os remaches dos radios sobre círculos. Os radios, van oito dende a primeira circunferencia á terceira e outros oito da segunda a terceira, con orixe no centro da vidreira, e dividindo cada un dos aros, ás áreas, en partes iguais e actuando radios e circunferencias como





parte estrutural da vidreira. Este sistema estrutural da vidreira, de circunferencias e radios de ferro, únese entre sí, abrazando a continuidade das pletinas dos radios ás circunferencias e con remaches entre sí.

A circunferencia perimetral, o marco da vidreira, engárzase a cantería do oculo seguramente por algún ferraxe, pletinas engadidas e empotradas nas xambas do óculo, ademais do morteiro (quizais xeso e enchumbado).

A vidreira está composta por vinte e cinco paneis independentes, un deles circular central onde se atopan os únicos vidros de cor (aparentemente vidros de tipo plaqué ou sinal) e os restantes vidros transparentes ou traslúcidos (poderían ser vidros soprados ou impresos). Todos sen grisallas.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O traballo que se vai realizar ten como finalidade definir as actuacións necesarias a día de hoxe para levar a cabo a restauración e conservación da vidreira da capela da epístola -de S. Pedro- na Catedral de Nsa Sra da Asunción, en Tui (Pontevedra). O vitral puido afectarse co tempo, provocando o movemento de certas áreas da súa unidade, e a perda de parte da súa integridade, precisando polo tanto da actuación dun/ha especialista para a súa restauración e/ou complementariedade, así como mellorar a súa tan necesaria estanqueidade. Será na observación das cotas de ubicación da vidreira, e das evacuacións da auga, que penetren na oquedade do valeiro do óculo, as que determinen o xeito debido para expulsalas polo borde inferior do abucinado. Aproveitamos para sinalar que, o marco, as pletinas auxiliares de ancoraxe, etc poideron nas súas dilatacións derivadas da oxidación deteriorar as capas e superficies de contacto cas canterías graníticas.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A intervención proposta para unha restauración da vidreira ten como obxecto recuperar a súa estabilidade estrutural e consiste nas seguintes actuacións:

- Documentación preliminar: numeración dos paneis, documentación fotográfica, etiquetado.
- Suxeición e desmontaxe puntual daqueles vidros desaxustados ou rotos, previamente á desmontaxe.
- Desmonte do bastidor portante e das estruturas de suxeición dos panos. Extracción de morteiros perimetrais.
- Desmonte dos atillos de cobre ou nós de chumbo que unen a vidreira ás barras de reforzo.
- Restauración: valorarase o estado do chumbo, se é necesaria a súa reposición total ou parcial valorando o estado da rede de chumbo de cada panel. No caso de que a rede de chumbo presente un estado de conservación suficientemente aceptable como para seguir cumprindo a súa función de soporte dos vidros realizaríase unha soldadura por ambas as caras dos chumbos fracturados. Repoñeranse as ausencias de vidros necesarias e realizarase un enmasillado manual a cada panel para achegarlle de novo rixidez. Nos elementos metálicos ferrosos por exemplo barras de reforzo farase unha limpeza mecánica non abrasiva cunha aplicación de película protectora inhibidora da corrosión.

